

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

IMPUNIDADE EN GUANTÁNAMO:

EUA pode violar os dereitos humanos

- a) **Introdución**
- b) **A rebelión penal**
- c) **Perpetuando a impunidade**

a) *Introdución*

Visiblemente fóra da atención informativa e política internacional, a persistencia dunha rebelión de presos no penal de Guantánamo (Cuba), en curso dende febreiro pasado, resultado tanto das penosas condicións humanas establecidas dentro deste cárcere como pola frustración suscitada polo incumprimento do seu peche, promesa electoral realizada en 2008 polo presidente estadounidense **Barack Obama**, certifica a vixencia da tristemente célebre “doutrina Bush” enmarcada na ilegal loita antiterrorista impulsada por Washington, un legado que evidencia toda unha longa serie de violacións dos dereitos humanos e das convencións internacionais.

Aínda que desde 2008, ano da vitoria electoral de Obama, non se enviaron máis presos a Guantánamo, actualmente permanecen alí uns 160 reclusos. Desde que en 2001 se aplicara a doutrina da seguridade nacional antiterrorista instaurada polo ex presidente **George W. Bush**, colocando a esta base militar estadounidense como o principal centro de detención, tortura e illamento de presuntos “terroristas”, aproximadamente uns 800 detidos foron trasladados a este penal, con idades comprendidas entre 13 e 80 anos, rexistrando 9 mortes entre 2003 e 2012, a maioría por suicidio. Den-

b) *A rebelión penal*

O pasado 6 de febreiro, un total de 130 dos 160 reclusos actualmente existentes en Guantánamo (Cuba) iniciaron unha folga de fame en protesta polas draconianas condicións de confinamento e de reclusión neste penal, así como polo incumprimento por parte do goberno de Barack Obama do peche do mesmo, diríase que distante e esquecido para Washington. O pasado 4 de xaneiro, Obama asinou a Lei de Autorización da Defensa Nacional concibida como partida orzamentaria do ano fiscal 2013. Na mesma, prohibese o traslado de presos de Guantánamo, unha medida coa que Obama foi enfático ao opoñerse e considerando que ten dereito de veto. Esta decisión, previamente votada na Cámara de Representantes, con maioría do Partido Republicano, e no Senado dominado polo Partido Demócrata, determina que a base militar estadounidense non será pechada nun futuro inmediato.

de entón, foron liberados 176 reclusos.

Deste modo, Guantánamo converteuse nese tristemente célebre símbolo da loita antiterrorista levada a cabo por Washington, ampliada cara outros centros de detención e tortura como Abu Graib (Iraq) e Bagram (Afganistán). A súa preservación como símbolo da impunidade igualmente certifica que Washington persiste en violar as leis e tratados internacionais, principalmente a Convención de Xenebra de 1949, mantendo unha base militar en territorio estranxeiro (Cuba) onde se comenten torturas e violacións dos dereitos humanos.

Ademais da rebelión de reclusos, a actualidade de Guantánamo ven precedida pola conmemoración dos dez anos da ilegal e ilexítima invasión militar de Iraq de marzo de 2003. Paralelamente, Guantánamo cumpre o seu centenario como base militar e de reclusión de presos: Washington abriuna en 1903. A pesar da promesa electoral, a chegada de Obama á Casa Branca en 2009 non significou o peche de Guantánamo. A súa problemática en materia de dereitos humanos non constitúe motivo algún de preocupación seria en EUA, na ONU, a Unión Europea ou para as principais axencias multinacionais informativas.

O “esquecemento” de Guantánamo por parte de Obama pode explicarse basicamente como unha especie de pacto tácito en forma de concesión realizada cara a oposición republicana en aras de consolidar un pacto de gobernabilidade e de estabilidade ante a crise económica estadounidense nun contexto de bicefalia fáctica en Washington, cunha presidencia demócrata e un Congreso de maioría republicana. Na pasada campaña electoral estadounidense, nin Obama nin o seu rival **Mitt Romney** realizaron mención algunha a Guantánamo.

Durante o seu primeiro período presidencial (2009-2013), Obama desviou a atención sobre a súa promesa electoral de pechar Guantánamo, cuestión visiblemente esquecida coa vitoria republicana nas eleccións legislativas de 2010 e a perspectiva de que o ascenso do Partido Republicano (e presumiblemente da ultradereita do Tea Party) significara unha tendencia irreversible de




Fonte: <http://www.ikimap.com/map/guantanamo-cuba-eeuu-0>.

cara ás eleccións presidenciais de 2012, igualmente por mor da crise económica. Pero a reelección presidencial de Obama en novembro pasado igualmente certificou a defunción do “tema Guantánamo” dentro da axenda política estadounidense ante a urxente necesidade de chegar a pactos políticos de gobernabilidade cos republicanos.

Todas estas variables puideron claramente influír na decisión dos reclusos de Guantánamo de iniciar unha folga de fame escasamente tratada nos medios interna-

cionais, e ante a indiferenza dos gobernos e institucións internacionais. A protesta dos reclusos de Guantánamo ante a decisión de Obama de asinar a mencionada Lei de Autorización da Defensa Nacional agrava unha crise interna na base estadounidense á vista de que 86 dos 160 presos existentes en Guantánamo foron exculpados de todo cargo. Cómpre sinalar que 90 deses presos son de nacionalidade iemenita, razón pola que recentemente realizáronse fortes manifestacións de protesta ante a embaixada estadounidense en Saná, capital de Iemen.



Fonte: Principais países de procedencia dos presos de Guantánamo desde 2003, con especial preponderancia de cidadáns de Afganistán, Paquistán, Sudán, Arabia Saudita, Libia, Marrocos, Iraq e Irán. Na actualidade, practicamente a metade dos 166 reclusos proveñen de Iemen.

<http://www.ikimap.com/map/guantanamo-cuba-eeuu-1>.

Igualmente, un total de 46 presos aínda non foron xulgados por non existir imputacións formais se ben as autoridades estadounidenses decidiron seguir manténdoo no penal de forma indefinida, por consideralos “elementos perigosos”. Finalmente, seis presos de

Guantánamo que serán xulgados proximamente por unha comisión militar foron secuestrados pola CIA noutros países e sometidos a tortura. Pola súa condición de “perigosos”, no xuízo non se terán en conta as denuncias destes presos por detención ilegal e torturas.

c) *Perpetuando a impunidade*

Ante a imposibilidade de trasladalos a EUA, Obama atópase nun dilema que se acrecenta á vista de que países aliados de Washington e partícipes da súa estratexia antiterrorista, tanto en Europa, Oriente Próximo e Asia, néganse a acoller a estes presos.

Paralelamente, a comezos de febreiro, xusto durante o comezo da folga de fame en Guantánamo, a organización Reprieve, encargada de representar os dereitos de medio cento de presos na base militar estadounidense, informou que o Departamento de Estado clausurou a oficina de **Daniel Fried**, funcionario encargado do peche de Guantánamo. Este despacho estaba en funcionamento desde 2009, unha vez Obama asinara a orde de clausurar a prisión. Do mesmo xeito, o Centro de Dereitos Constitucionais de EUA denunciou a comezos de febreiro que os militares estadounidenses “tomaban arbitrariamente medidas enérxicas contra os reclusos en Guantánamo”.

O descrédito de Washington acrecéntase ante as súas intencións de “minimizar” e ata ocultar o alcance da folga de fame e a rebelión dos reclusos. Segundo revelou ao seu avogado o recluso **Shaker Aamer**, un dos prisioneiros de orixe saudita, a rebelión foi secundada por aproximadamente 130 dos 166 presos actualmente existentes, e non “por só 31 presos”, tal como anunciaron o Pentágono e outras autoridades estadounidenses⁽¹⁾. O impacto da folga de fame provocou unha inmediata vi-

sita do Comité Internacional da Cruz Vermella, a fin de verificar o drama humanitario que está alcanzando esta rebelión ante a indiferenza das autoridades estadounidenses e dos seus aliados.

En xaneiro pasado, Amnistía Internacional advertiu da perpetuación temporal de Guantánamo como centro de tortura da estratexia antiterrorista de EUA, pese ás promesas de peche realizadas por Obama en 2009. Amnistía Internacional denunciou que desde que Washington reabriu este penal en xaneiro de 2002 como centro de reclusión para a loita antiterrorista, un total de 779 persoas foron detidas e recluídas en Guantánamo, a gran maioría sen xuízo nin cargos penais formais, mentres uns 600 foron transferidos dende Guantánamo a outros países⁽²⁾.

Paralelamente, Amnistía Internacional sinalou que 9 detidos morreron baixo custodia estadounidense, sendo o mais recente en setembro de 2012. Sete destas mortes foron por suicidio e dúas por causas aparentemente naturais. Así mesmo, un total de 12 dos detidos tiñan menos de 18 anos cando foron recluídos.⁽³⁾

Este clima de impunidade xudicial agrávase ante o estancamento e paralización das investigacións relativas á implicación de diversos gobernos e a violación da legalidade internacional tralos controvertidos voos ilegais da CIA, especialmente en países inseridos na estratexia antiterrorista impulsada por Bush, como son os casos de España, Italia, Paquistán, Exipto ou Turquía, entre outros.

IGADI. 10 de abril de 2013.

1) “Washington miente. El drama de Guantánamo es mucho mayor”, *Cubadebate*, 2 de abril de 2013. Ver en: <http://www.cubadebate.cu/noticias/2013/04/02/washington-miente-el-drama-de-guantanamo-es-mucho-mayor/>

2) “Guantánamo. 11 años en cifras”, Amnistía Internacional, Sección Española, 11 de xaneiro de 2013. Ver en: <http://www.es.amnesty.org/paises/estados-unidos/seguridad-con-derechos-humanos/guantanamo/>

3) *Ibid.*